

Ansiedade e abrelatas

Ana Salgado

Tratarei de ler sobre as voltas para entrar, por dicir algo, en *transmuta*. Anotacións en lapis antes e despois do paso por Google, fotocopiar o «dramatis personae» e intentar que se corresponda con cada poema, non vaia ser que estea por orde. Incomodarme coa falta de puntualidade que me fixo perder a intervención de Oriana Méndez cando se presentou na feira do libro en Compostela a primavera pasada. Incomodarme coa falta de memoria que me imposibilita o acceso a moito do que alí dixo Arturo Casas. Ler os catro libros que escribiu antes. Desistir de case todo o anterior. Ler de novo.

Polo medio acudir a un texto xornalístico deses que se len poucos, a entrevista que a Cordal lle fixo Daniel Salgado en xuño de 2012 e que se publicou en «Luces», suplemento de cultura de cando había *El País* Galicia. Nesa peza intúese propiamente un diálogo. E nel o xornalista, aínda consciente de estarlle preguntando a un dos poetas daquel «hai abrelatas» do tempo de Ronseltz, atreveuse a poñerlle palabras á miña desorientación: «Pregunta: *transmuta* tende a certo hermetismo. Ten que ver co desafío de expresar a dor?

Resposta: Sobre o hermetismo sempre tiveron moitas dúbidas.

Pregunta: Talvez non é o termo acaído.

Resposta: Si, está ben. O que pasa é que neste tempo temos moita sorte porque a xente sabe que o hermético de verdade son as hipotecas. O hermético é o capital. O que nos ocorre aos que escribimos é que, ás veces, non damos co termo axeitado. (...)»

Ben antes disto, en 1997, dixera algo semellante Carlos Pérez Varela, crítico e tradutor de Bourdieu, nunha recensión sobre *Afásia*:

«O máis introvertido dos Ronseltz tivo sempre problemas de comunicación, ó principio cos críticos, máis tarde cos lectores» ou «quizais o seu hermetismo se deba unicamente a unha lectura superficial, tal vez o lector –aquele a quen se fala– sexa o único culpable».

Aínda bo é que demos co investigador Antonio Méndez Rubio e cun libro que titulou *Poesía sin mundo*, onde trata de explicar que «a clave dos vínculos entre poesía e sociedade non está nunha falsa opción excluín-te entre claridade e ambigüidade senón na posibilidade (que o actual sistema educativo e social reprime) de vincular a linguaxe poética coa vida cotiá e coa loita social».

E claro, a vida cotiá e a loita social, o privado e o público, ata aí si somos quen de ler que os libros de Cordal andan na vontade de que esas dúas cousas sexan unha. Dío el, na mesma entrevista que citaba antes: «Entón o erro moi anos setenta de ‘imos falar do que importa’ era mellor non volver a el, porque todo importa. Foi un luxo bastante estéril encargarlle a construción da subxectividade á poesía reaccionaria» E en dúas frases explica criticamente, mesmo se cadra con algunha porcentaxe de autocritica aos tempos idos da épica, algo así como vinte anos de escrita poética.

E nalgún momento dei visto un libro en *transmuta*, onde antes vía compilación do conxunto de poemas dunha década. Volvendo ao segundo libro de Cordal, *Fruto do teixo*, e atopando versos, como –desculpádeme a cita sen contexto–: «o acto menos doado na poética, a sintaxe». Para escribilo hai que saber o que ocupa lugar, pola dereita, e que a lingua non se xoga nun topónimo, pola esquerda. Ou, outro verso, «o heroi cabalga na procura da teoría do desclasamento». Para min que os poetas son xente obstinada, que mete unicornios nos últimos versos dos libros, e hai quen a iso lle chama macrotexto. Por seguir establecendo ligazóns, dous versos colocados contra o final de *Afásia*, a modo de cita, aínda que penso que son do autor: «non podemos cambiar de defuntos / tampouco cambiaremos de tema». Ou, no penúltimo poema: «Non vos estrañe logo / que eu non saiba por onde / se cortan os versos; así de difícil ha de ser convocar a familia / para partir a herdanza».

Sobre a herdanza, a perda, o desposuimento, a pertenza e o medo que anda entre todas elas fala *transmuta*, penso. E a onde é inescusable volver para ler este libro é ao anterior, *A vella peneira a noite*. E á lectura que deste libro fixo Iago Castro no seu día. Alí estaban o fascismo e a avoa e aquí a nai e a posguerra.

Pregúntome entón pola distancia entre estes versos d’*A vella...*:

A vida pasa a súa agulla pola boca da avoa.
Nin ela nin Herminia escribiron un poema,
e quizais nos excedamos facéndoas dicir, con tan pouco
sentido común como aquel que anima un monicreque

porque no fondo quen o colle polas costas perdeu a fala,
ou a súa epopeia volta vacía ao corazón. (...)

e estoutros de *transmuta*:

non teñas medo

serei eu quen relate a túa historia
encima dun mantel branco
traído das illas do sol

Paréceme unha pregunta importante pero non dou con resposta. Cavilo se non andará polos versos «é o medo quen medita / todas as artes do confinamento». Non pasa de intuición. Teño algunha outra sobre *transmuta*:

1. Coma nos outros libros hai polo menos un poema destinado a tocarlle o nabo a Cunqueiro: «poema de amor (making off)».
2. A sección «do íntimo» é toda ela un cantazo arrebolado contra as farolas do neodecadentismo.
3. Aí tamén andaba Lois Pereiro e as que non o coñecemos aínda dabamos algo por atopalo na discoteca da Manchica e preguntarlle polas puntas que levou á ferranchina.
4. Anda Eliot polos poemas adiante, *A terra herma*, aínda que non se mesture exactamente memoria e desexo: no *dramatis personae* sabemos que unha protagonista do libro é «xamais seremos DERROTAD@S».
5. Anda Elliot e a «Morte pola auga». E a auga –sigo aquí a María do Cebreiro Rábade en *Fogar impronunciabile*– «na República de Platón toma a figura dun río, o río Ameleto (...). Na fábula platónica as almas deben volver á terra, máis se beben demais corren o risco de perder a memoria por completo».

Claro que aquí Francisco Sampedro lembráranos que os poetas foron expulsados da República. Engade Rábade: «o esquezno non é un dereito, senón a condición mesma da memoria», nun libro atravesado pola idea da perda como proceso activo. E isto tamén axuda a ler *transmuta*, penso. Di Cordal no poema que abre o libro:

beizón de novo á escrita
esta terra que esquece
os nomes das cousas

E por seguir con axudas para o que hai en *transmuta*, dei co artigo do historiador Enzo Traverso publicado no número do inverno pasado d'*A Trabe de Ouro*, traducido por Xesús González Gómez. Titúlase «Da memoria e os seus usos críticos» e cito un fragmento:

«A irrupción da memoria no espazo público das nosas sociedades inscríbese nunha tendencia xeral propia da modernidade: a crise da transmisión. Walter Benjamin apreixou os síntomas, nos anos 1930, percibindo un dos trazos abertos pola Gran Guerra no declive da experiencia transmitida en beneficio da experiencia vivida».

Enténdese a experiencia transmitida como algo colectivo, que permite forxar unha identidade estable dentro dun cadro social e cultural. E que esta é a forma dominante das representacións do pasado até a fin do XIX. O século XX, por contra, xa estaría dominado pola experiencia vivida, e esta é efémera e transitoria. Transmutada?. E Traverso fai partir de aí a procura no pasado. Di: «A necesidade de memoria que disto se deriva é, en varios aspectos, unha reacción fronte á arribada dun mundo que perdeu, co seu pasado, o sentido mesmo do pasado, un mundo sen memoria». E aquí Marx ao atender a separación entre traballo material e traballo intelectual, os procesos de alienación, impide que lle deamos a isto un sentido reaccionario.

Podemos tamén ir a *Secesión*, o libro de Chus Pato de 2009, onde lemos:

«Se cadra xa non hai labregos –proseguíu a voz que eu espiaba– no sentido dunha comunidade campesiña atlántica tradicional. É un feito. Entón os avós, as avoas, migran xa para dentro de nós, hospédanse e atopan lugar no intelecto xeral que nos constrúe. Esa débeda –a culpa simbólica por non sermos quen de parar esa desfeita do mundo comunal que nos precedeu– pagarémola cando remate o traballo de dó. Cando comprendamos o feito –cando acomodemos confortabelmente os avós– deixaremos de sentir melancolía».

N'*A vella...* si había algún trazo melancólico, dirixido cara á comunidade mariñeira atlántica dun pasado hai pouco, non diremos tradicional. En *transmuta* lemos e parécenos que non hai exactamente melancolía. Non só porque apareza o contrapunto dun poema visual sobre a Cidade da Cultura. Se cadra o mellor de *transmuta* está na súa capacidade para non ser nunca unicamente memoria.